

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Corrección de erros.-Orde do 17 de setembro do 2009 pola que se regula a avaliación e o informe da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia previos á contratación de profesor contratado doutor, profesor axudante doutor, profesor de universidade privada e profesor colaborador.

Advertido erro na devandita orde publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 189, do venres 25 de setembro de 2009, cómpre efectuar a seguinte modificación.

No artigo 8º.-letra b) onde di:

b) A obtención do informe favorable previo á contratación excepcional de profesores colaboradores noutros órganos de avaliación, que as leis do Estado ou doutras comunidades autónomas determinen, para a figura de profesor contratado doutor, profesor de universidade privada e profesor axudante doutor determinarán a cualificación para poder ser contratado polas universidades de Galicia, nas figuras en que se obtivesen as referidas avaliacións positivas cando, a través das disposicións legais que resulten de aplicación así se estableza, ou cando así se determine mediante os mecanismos de cooperación e recoñecemento mutuo que, de ser o caso, se establezan entre a Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia e outros órganos de avaliación.

Debe dicir:

b) A obtención do informe favorable previo á contratación excepcional de profesores colaboradores noutros órganos de avaliación que as leis do Estado ou doutras comunidades autónomas determinen, implicará a cualificación automática para poder ser contratado polas universidades de Galicia para esta figura cando, a través das disposicións legais que resulten de aplicación así se estableza, ou cando así se determine mediante os mecanismos de cooperación e recoñecemento mutuo que, de ser o caso, se establezan entre a Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia e outros órganos de avaliación.

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

Orde do 28 de decembro de 2009 pola que se modifica a adscripción de determinadas fundacións de interese galego, e se ordena a súa readscripción ás consellerías competentes para o exercicio das funcións de protectorado.

O Decreto 79/2009, do 19 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia,

e o Decreto 83/2009, do 21 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia, modifican a distribución de competencias entre os distintos órganos, o que ocasiona a necesidade de readscribir determinadas fundacións de interese galego ao protectorado das consellerías con competencias na materia obxecto dos fins fundacionais, con base nos seguintes feitos:

Primeiro.-Con data do 30 de novembro de 2009, a Consellería de Cultura e Turismo solicita a readscripción das fundacións clasificadas como de interese deportivo á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, por pasar a depender a Secretaría Xeral para o Deporte da Presidencia da Xunta de Galicia, con dependencia funcional da dita consellería.

As fundacións obxecto de readscripción á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza son as seguintes:

Fundación Celta de Vigo, Fundación Deporte Galego, Fundación Náutico-Deportiva Rías do Sur, Fundación Pazo Universitario Provincial, Fundación Vigo en Deporte, Fundación Universitario de Ferrol, Fundación Educación e Deporte de Santiago de Compostela Fedesa, Fundación Rácing Club Ferrol, Fundación Arousa Cup, Fundación José Ron Neira, Fundación Campus Stellae, Fundación Deportiva y Social de Galicia, Grupo Breogán, Fundación Oira Futuro, Fundación Baloncesto de Galicia, Fundación Compostela Deporte, Fundación Deporte en Lalín, Fundación Deportiva Municipal A Illa de Arousa, Fundación Nino Mirón Pontevedra Club de Fútbol, Fundación Ciclismo Galego, Fundación Azkar Lugo, Fundación Educación, Deporte y Salud (FEDYS), Fundación USC-Deportiva, Fundación Pablo Borreguero Sanmartín, Fundación Óscar Pereiro.

Segundo.-A atribución de competencias en materias de traballo e asistencia social á Consellería de Traballo e Benestar, de conformidade co Decreto 335/2009, do 11 de xuño, polo que se establece a súa estrutura orgánica, motiva que asuma a dita consellería as funcións de protectorado de todas as fundacións que na estrutura orgánica precedente estaban adscritas aos protectorados de Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e da Consellería de Traballo.

Terceiro.-A comisión integrada polos secretarios xerais de todas as consellerías, na súa reunión de 15 de decembro de 2009, emite informe favorable de readscripción das fundacións ás cales se refiren os puntos precedentes, á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e á Consellería de Traballo e Benestar, respectivamente, ás cales polas súas competencias lles corresponde o exercicio das funcións de protectorado.